

# Letras Galegas 2008. Xosé María Álvarez Blázquez

## *Galician Letters 2008. Xosé María Álvarez Blázquez*

**María Asunción CANAL COVELO**

Universidad Complutense de Madrid  
asuncioncanal@hotmail.com

[Recibido, decembro 2007; aceptado, xaneiro 2008]

Un ano máis, dende aquel 17 de maio de 1963 no que se celebrou por vez primeira, chega o Día das Letras Galegas. Nesta edición, a Real Academia Galega decidiu, moi acertadamente, homenaxear ao polifacético escritor tudense Xosé María Álvarez Blázquez, merecedor desta grandísima honra e doutras maiores, se as chegase a haber.

A súa humildade e discreción fixeron del unha figura pouco (re)coñecida polo público, a pesar da súa inmensa labor a prol das nosas letras. Con estas liñas procuro, sen máis pretensións, facer un percorrido pola súa vida e o seu incansable traballo na difusión da literatura e da cultura galegas.

Nado en Tui o 4 de febreiro de 1915, no seo dunha familia de grandes escritores e artistas, Xosé María destaca dende moi novo polo seu interese pola literatura e a súa forte ideoloxía galeguista. Mestre, libreiro, arqueólogo, investigador, colaborador radiofónico, escritor e fundamentalmente editor, Xosé María Álvarez Blázquez é un dos principais impulsores da literatura galega na posguerra.

O mozo Xosé María comeza a publicar os seus primeiros poemas en xornais cara a 1930, con apenas quince anos, e en 1932 sae do prelo o seu primeiro libro de versos, *Abril*, escrito en castelán. Ese mesmo ano funda, co tamén poeta Xoán Vidal, a revista literaria *Cristal*, que chegou a ver dez números entre 1932 e 1933.

En 1933 ingresa nas Mocidades Galeguistas, e o ano seguinte publica o discurso *Berro en lembranza dos herois de Carral*, escrito para un acto de homenaxe que organiza animado polo seu curmán político, Alexandre Bóveda.

Unha vez rematados os seus estudos de maxisterio é destinado a Vigo en 1936, alí comeza a carreira de Filosofía e Letras e ingresa no Partido

Galeguista. Ese mesmo ano remata o seu libro de relatos *Os ruíns*, que preparaba para a súa publicación na editorial *Nós*, aínda que non chegou a ver a luz ata moito máis tarde.

Nese momento estoura a Guerra Civil e seu pai, o doutor Darío Álvarez Limeses, á fronte da resistencia republicana en Tui, é encarcerado e posteriormente fusilado o 30 de outubro de 1936.

Xosé María é sancionado por “separatista” e desterrado á escola de Coreses, en Zamora, onde exerce como mestre ata 1941, ano en que se traslada a Vigo, cidade a que vai estar ligado o resto da súa vida, despois de pedir a excedencia voluntaria do maxisterio.

Despois de instalarse en Vigo, funda, cos seus irmáns, unha fábrica de tellas e tixolos en Nigrán, que pecha en 1945. Tras o fracaso da fábrica, comeza a traballar como secretario da Confraría de Pescadores San Francisco.

Esta é unha época difícil para a literatura galega e Xosé María comeza a escribir, con bastante éxito, en castelán. Durante as décadas dos corenta e cincuenta publica varias novelas: *El crimen de la isla verde* (1941), *En el pueblo hay caras nuevas* (1945, finalista do I Premio Nadal de novela en 1944), *Una cabaña en el cielo* (1952), *Las estatuas no hablan* (1955) e *Crecean las aguas* (1956, Premio Galdós en 1955).

Neste momento, e en colaboración con seu irmán Emilio, escribe tamén dúas obras teatrais en castelán, *El zapatero de cristal* e *Los pazos altivos*, ambas as dúas estreadas en 1947.

En 1946 casa con María Luísa Cáccamo Freiben, coa que ten seis fillos: María Luísa (1948), Xosé María (1950), Alfonso (1952), María Helena (1954), Celso (1958) e Berta (1963). Entre eles podemos reconecer os nomes de grandes poetas do noso tempo.

En 1948 abre en Vigo, con Luís Viñas Cortegoso, a librería anticuaria Monterrey, grazas á que pode traballar na súa arela de recuperar textos escritos en lingua galega durante os Séculos Escuros. Dous anos máis tarde ambos os dous socios fundan a Editorial Monterrey, considerada unha das primeiras editoriais galegas despois do alzamento franquista.

A partir de 1949 combina o seu labor como editor co de Comisario de Escavacións Arqueolóxicas de Vigo.

O seu segundo libro de poemas aparece nesta época, trátase de *Roseira do teu menceir* (1950), unha obra dedicada á súa primeira filla, María Luísa, coñecida como Colorín.

En 1952 publica en Galaxia unha das súas obras máis emblemáticas, *Escolma de poesía galega I: Escola medieval galego-portuguesa*, unha obra de grandes dimensións que aínda hoxe non foi superada.

Gran coñecedor da nosa literatura medieval, escribe o *Cancioneiro de Monfero (Século XIII)*, que publica o 28 decembro de 1953, e que constitúe sen dúbida unha verdadeira inocentada. Xosé María preséntase no limiar como descubridor, xunto con Viñas Cortegoso, dun cancionero medieval do que nos achega unha suposta edición crítica.

En 1954 publica o fermoso *Romance do pescador pelerño*, e obtén o premio Eduardo Pondal do Centro Galego de Bos Aires polo libro de poemas *Canle segredo*, considerada a súa mellor obra nestes anos e que, desafortunadamente, non será publicado ata 1976.

Nos anos seguintes, ademais de continuar a súa carreira de novelista en castelán, obtén varios premios literarios, entre os que destacan o Galdós e o López Cuevillas de novela, o da Asociación da Prensa de Vigo por un traballo sobre Martín Códax, e o Ramón Mourente por outro sobre Francisco Añón.

Esta é, ademais, unha época de grande actividade para a Editorial Monterrey, na que publica obras moi importantes para a nosa literatura, como *Cantiga nova que se chama riveira*, de Álvaro Cunqueiro, ou *Nasce un árbore*, de Gonzalo Rodríguez Mourullo, libro co que se inaugura a “Nova Narrativa Galega”.

En 1959 publica outra importantísima escolma, esta da poesía galega dos Séculos Escuros, co

título de *Escolma de poesía galega. II: A poesía dos séculos XIV a XIX*, na que recupera moitos textos que se consideraban perdidos.

En 1962 é elixido membro numerario da Real Academia Galega, na que ingresa en 1964 cun extraordinario discurso sobre *Cantares e romances vellos prosificados*. Neste ano funda as Edicións Castrelos, na que comeza a publicar as coleccións *O Moucho*, *libros do pobo pra o pobo*, e *Pombal*, na que difundiu a obra de Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal, ademais da de outros autores como Celso Emilio Ferreiro, do que era grande amigo, Neira Vilas, Méndez Ferrín ou Manuel María.

A comezos de 1966, Xosé María trasládase coa súa familia a Asturias como delegado de vendas de Pescanova, pero axiña teñen que volver por mor dunha enfermidade incurable que lle diagnostican á súa filla Colorín.

En 1968 comeza a traballar como Profesor de Formación Humanística no Instituto Marítimo Pesqueiro de Vigo, onde permanece ata a súa xubilación en 1983.

A morte da súa filla Colorín, en 1970, supón un terrible golpe para o escritor. Nesa época dedícase intensamente ao traballo editorial e de investigación histórica e literaria.

En 1971 publica en galego *A pega rabilonga e outras historias de tesouros*, un conxunto de relatos de temática popular moi achegado á narrativa oteriana.

En 1976 é nomeado Cronista Oficial da Cidade de Vigo, merecido recoñecemento ao seu traballo de arqueólogo e de incansable investigador da cidade. Xosé María é autor dunha abondosa obra dedicada á investigación da historia de Vigo, entre a que destaca *La ciudad y los días* (1960)<sup>1</sup>.

Como premio ao seu constante traballo de investigación, Xosé María Álvarez Blázquez é nomeado membro do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento en 1981, ano no que tamén recibe o Pedrón de Ouro.

En 1982 publica o libro *Alexandro Bóveda. Apunte biográfico*, nunha edición que non foi distribuída polo editor, e que será reeditada unha década máis tarde.

A partir dese momento a súa saúde vai empeorando aos poucos e, o 2 de marzo de 1985, Xosé María Álvarez Blázquez, emblemático escritor e

<sup>1</sup> Estas obra recolle, en forma de libro, as colaboracións que Xosé María Álvarez Blázquez publica diariamente no xornal *Faro de Vigo* ao longo de 1956.

elo fundamental na transmisión da nosa literatura, deixando tras del un legado literario que recollen  
morre en Vigo por mor dunha afección cardíaca, seus fillos.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

### OBRA LITERARIA

- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X.M. / ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, E. (1949): *Poemas de ti e de min*. Pontevedra: Colección Benito Soto.
- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X.M. (1950): *Roseira do teu mencer*. Vigo: Edicións Monterrey.
- (1953): *Cancioneiro de Monfero (Século XIII)*. Vigo: Edicións Monterrey.
- (1954): *Romance do pescador peleriño*. Vigo: Edicións Monterrey.
- (1971): *A pega rabilonga e outras historias de tesouros*. Vigo: Editorial Castrelos, Colección O Moucho.
- (1976): *Canle segredo*. Vigo: Editorial Castrelos, Colección Pico Sagro.
- (1987): *Poesía galega completa*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- (1992): *Alexandro Bóveda. Apunte Biográfico*. Vigo: Ir Indo Edicións.
- (1995): *Sonetos del alba insomne*. Vigo: Instituto de Estudios Vigüeses.
- (1995): *Alba Hojas de poesía/Follas de poesía*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro. Xunta de Galicia.

### ANTOLOXÍAS

- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X.M. (ed.) (1951): *Escolma de poesía galega I: Escola medieval galego-portuguesa*. Vigo: Editorial Galaxia.
- (1954): *Escolma de poesía galega. II: A poesía dos séculos XIV a XIX*. Vigo: Editorial Galaxia.
- (1975): *Escolma da poesía medieval*. Vigo: Editorial Castrelos, Colección Pombal.

### SOBRE O AUTOR

- ÁLVAREZ CÁCCAMO, Alfonso (1994): *Xosé María Álvarez Blázquez*. Vigo: Ir Indo Edicións.
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, Xosé María (2006): *Memoria de poeta*. Vigo: Editorial Galaxia.
- BERNÁRDEZ, Carlos L. (2008): *Vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez*. Escolma de textos. Vigo: Editorial Galaxia.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.